

home? Debe, entón, levar pantalón ou saia? É realmente importante isto na configuración do que é, ou non é, unha persoa? Por que obsesiona tanto que sexa Mary ou Mark? Por que hai que escoller? Realmente vai mudar algo no que nos faga sentir como persoa?

Como ben sabemos, unha das funcións primordiais da literatura é axudarnos a entender a vida, a realidade, e, aínda máis, axudarnos a imaxinar novos mundos, novas realidades e a desenvolvermos unha conciencia crítica na loita dun cambio, dunha evolución. *Pirata* fai nos ver que esa liberdade en que teoricamente habitamos está perfectamente deseñada e non nos deixa espazo ningún para nos mover, para saírmos da liña fronteiriza que ditan cada un dos papeis que debemos interpretar na vida; e iso, como non, convídanos á reflexión.

Xa acabamos o libro... e agora? Agora é tempo de nos converter nós tamén en piratas e lanzarnos ao mar.

Ánxela LEMA PARÍS

LLORCA, Jorge (2014): *O violín de Rembrandt*. Vigo: Xerais.

Dilemas, ética e soños

O ferrolán Jorge Llorca (1952) comezou a publicar en galego cunha interesante novela: *O Salto do Can* (Xerais, 2009). A súa segunda incursión narrativa, *O violín de Rembrandt*, obtivo o Premio Blanco Amor 2013. Se o xurado salientou o sentido do humor con que está composta a trama, eu valoraría en cambio a dinamización narrativa, que fai deste texto unha lectura amena, na que eu destacaría en particular o feito de que en realidade, baixo a rapidez que ofrece unha novela de xénero que poderíamos cualificar de *thriller*, ocúltase en parte o disfraz dunha novela xeracional. A ambientación, curiosamente, xoga ás agachadas con situarse entre o final dos setenta e principios dos oitenta, dun xeito claro pero misturado, onde se presentan nunha fácil convivencia que acada unha gran veromisimilitude entre os elementos de finais do franquismo, como ese Colexio Academia Atenea dirixida por un nome parlante como é Don Atilano, ao carón dos

novos movementos libertarios representados por Vladimir, Bladimiro Regueira, aspirante a actor, ou Violeta, xunto cunha alumna, Alicia, que prepara oposición tras oposición, ten pendurado no seu cuarto un póster de Sylvester Stallone e “prefería a Freddy Mercury a Michael Jackson”. Ao tempo, o autor xoga, ademais, coa introdución dos tempos actuais coa alusión máis que clara a un Armando Ónega que non oculta en absoluto a Amancio Ortega e unha Teresa Moure —o autor aclarou nunha entrevista que a igualdade co nome da escritora é pura coincidencia— saída do snobismo da arte contemporánea das últimas décadas como negocio para elites, onde o narrador en primeira persoa, malia ser profesor de arte, está tan fóra de lugar como un Miró nun cuarto de baño. Como di o mesmo Llorca nun momento da novela: “a verdade e o verosímil non ten por que ser a mesma cousa”.

En realidade, teño a sensación de que esta é a característica de toda a novela, un logrado retrato a partir dunha acumulación cuase pictórica de elementos cronoloxicamente diferentes entre si, perfectamente engarzados para dar unha sensación completa de verosimilitude na ambientación dun *thriller* que lembra máis a unha película de serie B dos setenta —onde non falta a alemá devora-homes tan típica do *look* dos filmes de espías e estafas dos sesenta e setenta—, só que neste caso, e como se se tratase dunha comedia triste, o personaxe protagonista é un miñaxoia que se enfronta, grazas a un exalumno, ao que semella ser a oportunidade da súa vida: conveterse en intermediario para vender un Rembrandt de dubidosa procedencia. Só a súa parella é capaz de ver con escepticismo unha realidade na que o protagonista se asulaga, case entusiastamente, enganándose cualificando todo o que lle rodea de lóxico e esperando que esa oportunidade o libere dunha vida anodina e aburrida que non valora. Aínda así, a medida que avanza a narración percibimos como o protagonista cre vivir unha aventura case de soño, na que se amosa o grao de falta de desconfianza que o converte no útil perfecto. Iso exprésao moi ben Don Tobías, o encargado da tenda de antigüidades, cando lle di, “só os optimistas cren saber o que é a realidade”.

Así, a novela, alén de desenvolver a intriga do enigma do cadro e a procura dun Armando Ónega que está moito máis preto do que o protagonista imaxina, acaba enfiándose como unha reflexión sobre o fracaso dos soños, e tamén sobre a ética, os principios propios e a delgada liña que separa o legal do ilegal, segundo se acheguen ao alcance dun as tentacións, por falsas ou verdadeiras que sexan. O resultado, para o protagonista, é un fracaso só a medias, porque lle permite regresar ao mundo real en todos os sentidos, madurar, aínda que soe a paradóxico, e refuxiarse no único elemento –ademais de Indalecio, o inevitable dono da taberna Delicias– que se presenta verdadeiramente lúcido: o amor de Marian, a súa parella, e o cumprimento de soños cotiás que ás veces parecen imposibles e acaban facéndose realidade, tamén inesperadamente, como a viaxe de noivos soñada que para ambos semellaba imposible.

Ese mesmo xogo trasládase a un estilo algo pedantesco e fóra de tempo, que encaixa moi ben coa categoría do personaxe, que en determinados momentos volta a coloquialismos máis rexos e ferroláns. A convivencia de contrarios é, pois, unha das principais características construtivas da novela, a todos os niveis; un cadro fronte a un violín: un profesor pusiánime e falto de cartos fronte a unha intriga de cine, coches de alta gama, cartos e alemás rubias; a realidade fronte aos soños. En parte, o misterio é o de menos. O enfrontamento, ao final, é contra un mesmo e contra a aceptación da realidade que nos toca.

Xosé Antonio LÓPEZ SILVA

YÁÑEZ JATO, Rafael (2015): *Farewell*. Madrid: Adeshoras, 95 pp.

Un poemario con dous finais. Un poemario que é, a vez, catro libros nun. Así é *Farwell*, unha obra que destaca dentro do panorama literario por tan singular edición e que probablemente tamén ocupará un lugar especial dentro da traxectoria poética de Rafa Yáñez.

“Aínda soña o meu primeiro tren”, resoa o longo poema que dá nome ao conxunto. Adicado ao seu pai, o poeta constrúe aquí o recordo como pervivencia, un espazo onde a despedida é unha porta ás delicias do pasado

(“Desexo seguir sendo/ os ollos daquel neno/ fascinado polo loureiro”) e onde o diálogo consciente entre o presente e a memoria se explicitan a través dunha metáfora de tránsito en varias ocasións: “Víaixo entre trópicos (...)/ Os meus extremos (...)”. O poema sintetiza á perfección a interacción entre as dúas grandes seccións do libro, *Silencios* e *Facianas*. É pois un texto chave que nos confirma determinadas impresións sobre a obra que van xurdindo ao avanzar na lectura; neste sentido, a súa colocación en penúltimo lugar resulta moi estratéxica. Dada a súa situación, recae sobre este poema boa parte do peso discursivo e da nosa atención. Ademais, o poeta axúntalle *Final*, un breve texto que, podendo ser entendido como unha redundancia (*Farewell* pode traducirse como un “ata sempre”: ese saúdo formal propio de cando non se sabe se haberá unha próxima vez), pecha o libro confirmando un punto de encontro dentro da dualidade: “podo alcanzar coas miñas mans/ ambos os dous polos”. O autor reclama o seu protagonismo fronte á mera contemplación.

Todo o libro de *Farwell* pode ser visto como un percorrido. O punto de partida son os anos de entrada na madurez en que a escrita poética é descuberta, apuntado nos versos que abren, a xeito de prólogo autopoético, a composición: “eu gustaba de ser un deles/ e ti agochabas a túa crítica cun bico”. Se reparamos en “*Silencios*”, o primeiro apeadoiro do camiño, apenas xulga os feitos e lembranzas narrados. Ao longo dunhas creacións de límites difusos e formato variábel, xunta vivencias creando unha pasarela estreita que conecta directamente co lector ou lectora. Cunha sobriedade na que destacan, por veces, unhas imaxes moi fermosas e coloridas, condúcese a capricho a través dunha colleita de intres íntimos, viaxes, soidades, que o autor decide compartir. Os lugares que Rafa comparte ás veces parecen desertos, “as miñas raíces/ no centro/ do teu silencio”. Outras, desprenden a enerxía dos desexos que queren pervivir, cunha forza que contrasta sempre con outras expresións máis descritivas: “dormiremos/ abrazados/ también mañana/ dormiremos”. Fronte a esta primeira parte, máis da experiencia e da reflexión, a segunda é frecuentada polas caras coñecidas do escritor,